

CÓDIGO DE ÉTICA PARA BIBLIOTECARIOS E PROFESIONAIS DA INFORMACIÓN EN ESPAÑA

Elaborado polo Grupo de Traballo sobre Ética Profesional de SEDIC (Asociación Española de Documentación e Información) e aprobado pola Asemblea da Federación Española de Sociedades de Arquivística, Biblioteconomía, Documentación e Museística (FESABID). (Toledo, 23-5-2013)

PREÁMBULO

A Información é un ben esencial na sociedade.

As persoas e as organizacións encargadas da xestión da información e a documentación deben ser conscientes da responsabilidade que contraen polo impacto social, económico, cultural, político e ambiental das súas accións xa que cumpren un papel fundamental na selección, organización, preservación e difusión da información e da documentación; aseguran a súa utilización con fins xurídicos, administrativos, informativos, culturais, científicos ou empresariais; e contribúen a mellorar o funcionamento das organizacións, a preservar a memoria colectiva e a facer posíbel a educación, a formación, a investigación e a difusión da cultura.

As persoas e as organizacións que xestionan información e documentación traballan en contornos culturais, administrativos e económicos diversos.

A diversidade de relacións laborais e dependencias administrativas e empresariais, converte aínda máis en imprescindible o establecemento de normas de conduta que guíen a toma de decisións, a forma de afrontar dilemas éticos e a resolución de posíbeis conflitos de intereses no seu ámbito de traballo, tanto individual como institucionalmente.

SEDIC, como asociación que se dedica ao fomento do intercambio de experiencias e á formación de bibliotecarios, documentalistas e outros profesionais da información asume o compromiso de fomentar a ética e a integridade no mundo da información. A ética profesional, a integridade, a imparcialidade, a honestidade e o respecto cara aos demais non son só virtudes; representan o que cada membro de SEDIC pode esperar dos seus asociados.

Como asociación especializada de profesionais da información, SEDIC defínese mediante un conxunto clave de valores e obxectivos, co fin de:

- Difundir a importancia da Información e Documentación para o desenvolvemento económico e científico, estimulando o uso das tecnoloxías e as fontes de información.
- Actuar de forma equitativa e honesta con respecto cara aos demais para facilitar o acceso e contacto co mercado de traballo, establecendo pontes entre

ofertas e demandas, orientando as empresas na selección de profesionais pondo á súa disposición unha completa bolsa de traballo.

- Apoiar a diversidade e o entendemento mundial fomentando o asociacionismo profesional e estimular as relacións internacionais dos profesionais con colegas de outros países, en especial da Unión Europea.

- Fomentar a cooperación entre profesionais coordinando as actividades dos seus membros cos de outras asociacións agrupadas en FESABID (Federación Española de Sociedades de Arquivística, Biblioteconomía e Documentación), e outras asociacións nacionais e internacionais

- Representar aos seus asociados ante a Administración Pública e organizacións relacionadas coa súa área de actividade, así como en asociacións, conferencias e encontros internacionais.

Capítulo I. DEFINICIÓN

O código deontolóxico de SEDIC é unha guía que complementa o coñecemento especializado e a normativa técnica e legal, e orienta o exercicio profesional responsábel e de calidade. Froito da evolución da sociedade e da propia profesión, constitúe unha reflexión sobre os seus principios e valores, que se manifestan nun conxunto de normas aceptadas polo colectivo profesional e fundamentadas na súa experiencia.

Capítulo II. OBXECTIVOS

Definir os principios e os valores específicos da profesión.

Mostrar unha imaxe distintiva e de calidade profesional a toda a cidadanía a través dos valores que guían as persoas que xestionan información e documentación no exercicio da ocupación económica e profesional da que son responsábeis e que se debe esperar deles.

Consolidar o sentimento de pertenza a un grupo, potenciando os intercambios de información e experiencias entre os propios profesionais de forma individual, e entre colexios e asociacións profesionais.

Ofrecer un marco de referencia moral ao que recorrer ante abusos, intromisións, dilemas e conflitos de valores.

Crear un fluxo de confianza desde a sociedade cara o colectivo profesional como persoas íntegras, expertas na provisión de servizos de información.

Promover a reflexión entre o colectivo profesional acerca das situacións problemáticas e imprevistas que a evolución da sociedade, dos recursos e dos servizos formulan, e sobre a resposta conforme a valores coa que enfrontarse a esa realidade.

Capítulo III. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este código ha de guiar a práctica profesional dos socios e socias de SEDIC que traballan tanto no ámbito público como no ámbito privado, e aspira a servir de orientación para outros profesionais que realicen a súa actividade en organizacións que xestionan información e documentación, sen menoscabo doutros códigos deontolóxicos existentes.

Capítulo IV. PRINCIPIOS E VALORES DO PROFESIONAL DA INFORMACIÓN E DA DOCUMENTACIÓN

A *Declaración Universal dos Dereitos Humanos* é o documento de esencia ética definitorio para a profesión. Fundamentalmente os artigos 1 a 3 referidos á liberdade, igualdade e dignidade da persoa, os artigos 18 e 19 sobre a liberdade de expresión, opinión e acceso á información da persoa, e os artigos 26 e 27 nos que se plasman o dereito á educación e á vida cultural das comunidades, e a protección da propiedade intelectual e os dereitos de autor.

O Código deontolóxico de SEDIC asume os principios da *Declaración* e profunda naqueles que se identifican coa profesión.

Os Principios éticos que inspiran o Código deontolóxico de SEDIC son:

Autonomía, crenza na autonomía moral e dignidade dos seres humanos.

Xustiza, neutralidade e imparcialidade en detrimento de prexuízos propios.

Utilidade social, interese en dar satisfacción á sociedade na definición dos obxectivos e na toma de decisións.

Responsabilidade social, aspiración de construír unha sociedade mellor no uso dos recursos, na formación do capital humano e no respecto ao medio ambiente.

Confianza, establecemento dun entorno fiábel para as persoas, as organizacións, e os e as profesionais.

En virtude dos Principios enumerados, os profesionais e as profesionais da xestión da información e a documentación aplicarán no exercicio da súa actividade profesional os Valores seguintes:

1. A LIBERDADE INTELECTUAL

Defenderán a plena liberdade de expresión, de información e de coñecemento das persoas.

As únicas limitacións á liberdade intelectual serán aquelas derivadas do respecto aos dereitos humanos promulgados polas Nacións Unidas.

2. A PRIVACIDADE E A CONFIDENCIALIDADE

Garantirán o segredo profesional no exercicio da súa actividade para protexer a confidencialidade dos datos persoais das persoas usuarias dos servizos de información e documentación coas únicas limitacións que veñan determinadas polo marco xurídico.

Velarán pola privacidade e respectarán a intimidade persoal e familiar, e a propia imaxe das persoas en toda actividade laboral.

3. O ACCESO Á INFORMACIÓN

Proporcionarán o mellor acceso posíbel á información por se tratar dun medio para o desenvolvemento económico, social e democrático, pondo a disposición dos usuarios a normativa propia que regula o seu acceso, uso e difusión.

Velarán por garantir un acceso libre e igualitario aos recursos a toda a cidadanía, sen restricións por razón de xénero, cuestións ideolóxicas, educacionais, culturais, políticas ou económicas ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Facilitarán o acceso á información especialmente a colectivos e individuos en situación de desvantaxe.

Apoiarán o dereito universal ao coñecemento e á información, proporcionando información actualizada, plural, fiable, equilibrada e adecuada ás necesidades de información das persoas usuarias de servizos de información e documentación.

Garantirán a transparencia na selección, acceso e subministro dos recursos, efectuando un tratamento da información que facilite o acceso a esta.

Fomentarán as iniciativas de acceso aberto para garantir o dereito de acceso á información, coas únicas limitacións que veñan marcadas polo marco xurídico, a actividade económica da organización e a defensa da súa conservación.

Apoiarán os principios de goberno aberto para que, mediante a transparencia, a participación e a integridade, o funcionamento das administracións e os negocios poidan ser escrutados polo público en xeral.

Promoverán a alfabetización informacional e formarán na procura e bo uso dos recursos, nos soportes tecnolóxicos que os distribúen, e na avaliación da información, para que de forma autónoma e responsábel as persoas usuarias poidan extraer toda a información requirida.

Coidarán da integridade e a autenticidade da información e da documentación subministrada.

Será contrario á deontoloxía profesional pedir ou aceptar contraprestacións pola consulta ou acceso a calquera produto, agás que tal contraprestación estea así regulada pola organización ou se tratar de centros ou empresas de carácter privado cuxa actividade estea ligada á venda de información.

4. OS DEREITOS DE AUTOR E A PROPIEDAD INTELECTUAL

Protexerán os dereitos de autor e da propiedade intelectual conforme á lexislación vixente.

Promoverán o establecemento de excepcións e limitacións ao dereito de autor en beneficio de bibliotecas, arquivos e centros de documentación públicos e de institucións sen fins de lucro.

Identificarán e farán constar de forma expresa a autoría e a fonte orixinal da información.

Difundirán nas súas organizacións o coñecemento do dereito de autor, e instruirán á cidadanía e aos colegas sobre as consecuencias legais e intelectuais do plaxio.

Impulsarán as políticas tendentes a mellorar a transparencia e o acceso á información de gobernos e administracións públicas.

5. A PROFESIONALIDADE

Asumirán un compromiso intrínseco co desenvolvemento educativo, social e económico, coa Investigación e coa innovación, coa comprensión do presente e do pasado, e coa preservación íntegra do coñecemento para xeracións futuras.

Contribuirán á dignificación e ao progreso da profesión, así como ao recoñecemento social da súa actividade económica.

Defenderán un criterio profesional independente, xusto e obxectivo.

Mostrarán un comportamento honesto e íntegro acompañado dunha alta competencia profesional.

Defenderán condicións de traballo xustas e equitativas sen importar o escalafón que posúan ou a relación laboral de quen as desempeñar. Entre estas condicións destacarán a igualdade de salarios sen distinción de sexos, un ambiente de traballo hixiénico e saudábel, e unha relación contractual fiábel e segura.

Promoverán a formación universitaria en Información e Documentación e a formación especializada, asumindo e respectando a pluralidade de especializacións diferentes que na actualidade se interligan estreitamente nun servizo de calidade, innovador e moderno.

Actualizarán de forma permanente os coñecementos, competencias e aptitudes, as normas técnicas e a lexislación que afectan a bibliotecas, arquivos e centros de documentación, co fin de manter unha formación continua actualizada que lles permita realizar unha xestión máis eficaz e a difusión da información polos medios habituais para a cidadanía (publicacións, Internet, redes sociais).

Potenciarán o traspaso de coñecementos entre profesionais, colaborando no intercambio de experiencias en congresos e publicacións, e cooperando con outros colegas e institucións afíns.

Respectarán a lexislación, as relacións con colegas, e con todo o sector no seu conxunto, creando un entorno motivador. Será especialmente relevante a cooperación na procura de documentos non catalogados e de información de difícil acceso.

Promoverán o asociacionismo no seu ámbito de traballo, – entre colegas, a cidadanía e a organización–, e especialmente entre estudantes de Información e Documentación, e asociaranse ás organizacións profesionais como canais para o fortalecemento e a cohesión da profesión.

6. A LEALDADE Á ORGANIZACIÓN

Contribuirán á misión, visión e obxectivos estratéxicos da organización e participarán no logro destes.

Demostrarán a lealdade á institución mediante o respecto á información confidencial e a dedicación a actividades que sexan competencia da organización.

Non farán públicos asuntos internos da organización e non participarán en actividades ou comentarios que poidan prexudicar a imaxe social da organización coa excepción das revelacións que se realizaren con vistas á denuncia de prácticas ou condutas ilegais.

Velarán polos bens da organización, levarán a cabo prácticas comerciais honestas, e utilizarase o nome da institución en accións de marketing e publicidade de forma veraz e proporcionada.

7. A CONSERVACIÓN E A PRESERVACIÓN

Asumirán a responsabilidade da protección e a conservación dos documentos contra o dano físico, o deterioro ou a subtracción. Serán así mesmo

responsábeis da conservación íntegra dos documentos co fin de garantir a súa autenticidade, evitando calquera manipulación ou destrución de información ou datos que poidan ocultar feitos ou falsear probas.

Levarán a cabo políticas de preservación dos documentos en calquera soporte de forma responsábel e fiel á integridade do documento orixinal, seguindo as normas internacionais establecidas para cada soporte documental.

Velarán por garantir a preservación da información e a documentación de maneira que permita a súa utilización presente e futura.

8. O RESPECTO Á DIVERSIDADE CULTURAL E IDEOLÓXICA

Respectarán e conservarán o patrimonio e o acervo cultural das minorías.

Apoiarán e promoverán o respecto á diversidade cultural como camiño para alcanzar un mellor diálogo e entendemento mundial.

9. A RESPONSABILIDADE SOCIAL E O RESPECTO AO AMBIENTE

Promoverán servizos sustentábeis nun ambiente laboral e profesional comprometido co progreso da comunidade e a sociedade.

Realizarán accións de captación de recursos externos prestando atención aos criterios éticos da profesión.

Adecurarán equipamentos e instalacións de maneira que sexa posíbel o uso dos recursos para todos os grupos de poboación, en especial dos discapacitados, menores, e persoas da terceira idade.

Contribuirán ao desenvolvemento sustentábel mediante o uso responsábel das tecnoloxías, dos recursos e equipamentos, da enerxía, e establecerán medidas de sensibilización e políticas de reaproveitamento e reciclado dos materiais.

10. A CALIDAD DO SERVIZO

Velarán por levar a cabo un servizo de mellora constante e excelente.

Terán un comportamento persoal e colectivo exixente en calquera faceta da súa actividade profesional, coa finalidade de transmitir o obxectivo prioritario do logro dun servizo de calidade en todo o desenvolvemento da súa actividade profesional.

Comunicarán aos seus responsábeis as consecuencias sobre a calidade do servizo de posíbeis minguas nos recursos humanos, económicos ou técnicos, que supoñan unha diminución ou deficiencia na atención ás persoas usuarias.

Capítulo V. DISPOSICIÓN FINAIS

1ª. Para garantir a súa vixencia, o Código deontolóxico de SEDIC revisarase periodicamente co fin de incorporar os cambios que se produzan na natureza da profesión e no seu entorno social e institucional.

2ª. Así mesmo SEDIC difundirá os valores e principios contidos no código entre os seus socios e as súas socias, entre responsábeis das organizacións e outros axentes, así como dará a máxima difusión a este.

Na redacción deste documento colaboraron:

- Paz Fernández y Fernández-Cuesta (Bibliotecaria, Fundación Juan March. Socia de SEDIC). Coordinadora do Grupo de Traballo de ética profesional de SEDIC.
- Antonio Tomás Bustamante (Bibliotecario. Presidente da Asociación Andaluza de Bibliotecarios).
- Jorge Candás Romero (Documentalista. Socio SEDIC).
- Vicent Giménez Chornet (Arquiveiro. Profesor Universitat Politècnica de València. Membro do Col.legi Oficial de Bibliotecaris i Documentalistes de la Comunitat Valenciana).
- Margarita Pérez Pulido (Profesora de Documentación. Universidad de Extremadura. Socia SEDIC).
- Montserrat Puyol Rodríguez (Documentalista. Presidenta da Associació de Bibliotecaris, Arxivers i Documentalistes de les Illes Balears).
- Ana Reyes Pacios (Profesora de Documentación. Universidad Carlos III de Madrid. Socia SEDIC).
- Concepción Rodríguez-Parada (Profesora do Departament de Biblioteconomia i Documentació. Universitat de Barcelona. Membro do Col.legi Oficial de Bibliotecaris-Documentalistes de Catalunya).

- Josep Vives i Gràcia (Bibliotecario. Generalitat de Catalunya. Membro do Col.legi Oficial de Bibliotecaris-Documentalistes de Catalunya. Socio SEDIC).